

Novembro do 2024

ACOSO SEXUAL E POR RAZÓN DE SEXO A violencia e a discriminación contra as mulleres, o atentando contra a súa dignidade, a súa saúde e os seus dereitos, que obstaculizan a súa participación laboral e contribúen a expulsala do mercado laboral, están na base dos acoso sexual e por razón de sexo.

A Lei orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes (LOI) define estes dous conceptos.

Acoso sexual: «Calquera comportamento, verbal ou físico, de natureza sexual que teña o propósito ou produza o efecto de atentar contra a dignidade dunha persoa, en particular cando se crea un ambiente intimidatorio, degradante ou ofensivo» (art. 7.1).

Acoso por razón de sexo: «Calquera comportamento realizado en función do sexo dunha persoa, co propósito ou o efecto de atentar contra a súa dignidade e de crear un ambiente intimidatorio, degradante ou ofensivo» (art. 7.2).

O condicionamento dun dereito ou dunha expectativa de dereito á aceptación dunha situación constitutiva de acoso sexual ou de acoso po razón de sexo considerárase tamén acto de discriminación por razón de sexo.

No seo das empresas, calquera das modalidades de acoso pódense dar entre persoas de igual ou distinto nivel xerárquico, teñan ou non unha relación de dependencia dentro da estrutura orgánica da empresa ou organización.

Condutas constitutivas de acoso sexual ou por razón de sexo Poderán ser tanto verbais como non verbais, así como de carácter físico (contacto físico deliberado e non solicitado) ou achegamento físico excesivo ou innecesario.

Tamén, discriminar polo feito de ser muller ou home (ou parecelo: bromas ou comentarios sobre as persoas que asumen tarefas tradicionalmente desenvolvidas por persoas do outro sexo), o humor sexista ou ridiculizar e desprezar as capacidades, habilidades e potencial intelectual das mulleres e das persoas LGTBQIA+, avaliando o seu traballo con menosprezo, inxustamente ou de maneira nesgada en función do seu sexo, xénero ou da súa orientación ou identidade e características sexuais.

FEMINICIDIO É a morte violenta de mulleres por razóns de xénero, teña lugar dentro da familia, na unidade doméstica ou en calquera outra relación interpersoal, na comunidade, por parte de calquera persoa, ou que sexa perpetrada ou tolerada polo Estado e os seus axentes, por acción ou omisión.

O termo recóllese no artigo 21 da Lei xeral de acceso das mulleres a unha vida libre de violencia (LGAMVLV, 2007) de México como «a forma máis extrema de violencia de xénero contra as mulleres, produto da violación dos seus dereitos humanos, nos ámbitos público e privado, conformada polo conxunto de condutas misóxinas que poden implicar impunidade social e do Estado e pode culminar en homicidios e outras formas de morte violenta de mulleres».

Co financiamento de:

REVITIMIZAR en relación coa violencia patriarcal e machista (tanto a sufrida polas mulleres vítimas de violencia de xénero como das persoas que se enfrontan a condutas LGTBIQA+fóbicas), este termo alude á **resposta que dá o sistema á vítima**.

Vitimización primaria: é unha consecuencia directa do delito, pola que a persoa sente que son vulnerados os seus dereitos e por iso asume o rol de vítima.

Vitimización secundaria ou **revitimización** consiste en facerlle revivir á persoa a situación traumática e volver asumir o papel de vítima. Destoutra volta, ademais do propio delito, sufrirá os prexuízos sociais e a incompreensión ou os erros do sistema; cando o testemuño que ofrece a vítima é a única proba dispoñible, a revitimización forza a esta a ter un relato consistente, unha posición *apropiada* co que se espera que sexa a actitude dunha vítima (poñer en dúbida o testemuño da vítima), someténdoa a un novo dano e prexuízo superposto ao que xa causa a denuncia.

En definitiva, a revitimización non só aumenta o trauma polo feito denunciado, senón polo propio proceso de denuncia (mesmo o xudicial, chegado o momento).